



ESPAZOS ACCESIBLES, INTEGRADORES, SEGUROS E AGRADABLES PARA AS MULLERES

- Adaptar os espazos á normativa aplicable en materia de accesibilidade.
- Colaborar activamente na reflexión sobre os estereotipos existentes no sector cultural para evitar que as relacións tradicionais de poder entre mulleres e homes se normalicen, se acepten e difundan a través das diferentes expresións perpetuando as desigualdades.
- Pular por unha oferta cultural diferente e plural que visibilice tanto ás mulleres como a outras diversidades, buscando a equidade no seu acceso e representación.

USO DUNHA LINGUAXE E IMAXE INCLUSIVA

- Empregar unha linguaxe verbal e escrita inclusiva tanto nos documentos de xestión como nas estruturas de comunicación internas e externas (anuncios, folletos, web etc.).
- Facer un uso non sexista da imaxe, coidando a iconografía dos produtos culturais para evitar a perpetuación dos roles de xénero que limitan á muller a un papel determinado:
 - Representar a diversidade de funcións que mulleres e homes desenvolven na sociedade.
 - Evitar o uso do corpo da muller como elemento decorativo.
 - Evitar mostrar o aspecto físico como un valor feminino.
 - Presentar a diversidade sexual.

DEREITOS LABORAIS EN IGUALDADE

- Seleccionar ao persoal polas súas habilidades e competencias, non polo seu sexo.
- Adecuar a estrutura da organización o eido familiar e persoal a través da aplicación de medidas de conciliación, como flexibilización de tempos e espazos.

VIOLENCIA DE XÉNERO

- Promover un espazo e creación cultural libre de violencia.
- Establecer un protocolo de actuación ante os casos de acoso sexual ou por razón de sexo.
- Colaborar na denuncia dos casos de violencia de xénero ante as Forzas e Corpos de Seguridade.

DIVERSIDADE SEXUAL

- Defender o respecto á liberdade de opción sexual e de identidade de xénero das persoas, así como á diversidade corporal.
- Colaborar coas actividades propostas para contribuír na visibilización e non discriminación da cidadanía LGTBIQ+.
- Contribuír activamente en xerar unha proposta cultural “amigable” tanto para as persoas residentes como para aquelas que nos visitan onde as persoas LGTBIQ+ se sentan benvidas.

MATERIAIS DO PROXECTO

- Colocar ou expoñer os materiais do proxecto “Compostela Territorio das mulleres” nun lugar visible para o público.
- Coñecer, promover e difundir “Compostela Territorio das Mulleres”.
- Colaborar de xeito activo nas actividades propostas.

BANCO DE BOAS PRÁCTICAS

- Prestar atención ás propostas e boas prácticas para a súa aplicación, tendo en conta as características e posibilidades da entidade.
- Facer novas propostas para traballar en rede en prol da igualdade no eido da cultura.